



GRUPO PROVINCIAL BNG
G-32014003
xosebaltar@bng.gal

Moción por vía de urxencia para o seu debate e votación en Pleno, previa valoración da urxencia da mesma

Bernardo Varela López, voceiro do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG NA QUE SE SOLICITA A CREACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDA AOS ACTORES AFECTADOS POLAS RESTRICIÓN SANITARIAS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o inicio da pandemia algúns dos sectores produtivos desta provincia están a enfrontarse a unha realidade que os afoga cada día, facendo insostible a continuidade de moitas pequenas e medianas empresas vinculadas coa hostalería, o comercio, coas actividades de ocio, recreativas e deportivas ou as axencias de viaxes, entre outras.

Entendemos que a toma de decisións para protexer a saúde da cidadanía sen perder de vista o obxectivo de salvagardar tamén a economía de centos de miles de familias non resulta sinxela.

Porén consideramos que a aplicación de modelos como o implantado en Alemaña, é posible en Galiza, estamos en disposición de aplicar un modelo similar e facerlle fronte non só á difícil situación económica das pemes desta provincia, senón tamén de protexelas fronte ás perdas derivadas das restricións sanitarias aplicadas ate o momento. Durante o ano 2020 o Goberno estatal ten transferido á Xunta de Galiza 224,20 millóns de € de fondos COVID, e acaba de anunciar a achega de 441 millóns a través dos fondos de REACT-EU. Asemade, os Orzamentos de ingresos da Xunta teñen medrado un 13,98% respecto ao ano 2020 grazas, na súa maior parte, ás transferencias a través dos fondos extraordinarios estatais e dos fondos REACT-EU, o que vai supor a chegada de fondos extra para afrontar esta situación epidemiolóxica. Que sen dúbida seguen sendo escasos.

Con todo, vistas estas achegas, non pode ser que a única iniciativa que puxo en marcha a Xunta ata o momento, fora habilitar unha primeira axuda económica de 22 millóns, que será complementada se se cumpre o anuncio do Sr. Feijóo do día 21 con 50 millóns de euros o que nin chega ós importes anunciados previamente por el mesmo. E nos

deixa nuns pírricos 0,00617 puntos do presupostos da Xunta, lonxe sequera do 1% do seu orzamento.

Tanto esta Deputación Provincial como os Concellos sempre se mostraron dispostos a axudar dun xeito ou outro ós sectores afectados, mostra disto é que no caso desta Deputación sen ter recibido nin un só euro extraordinario para afrontar a crise, se habilitaron axudas cara o comercio e autónomos. Fóra das competencias que lle son propias.

Pero a teimuda realidade, fai que esta crise se prolongue no tempo, afectando os sectores comerciais tanto das pemes como dos autónomos. É tempo pois de que a colaboración interadministrativa prevaleza e sexamos quen de por enriba da mesa liñas de axuda para os afectados a nivel económico pola crise do COVID-19. Concellos, Deputacións e Xunta de Galiza deben aportar atendendo ao nivel competencial e económico de cada unha delas, co obxecto compensar até o 70% da perda de ingresos mensuais dos actores económicos afectados polas restriccións sanitarias , compensación aplicable todo o tempo que duren as limitacións á actividade económica.

ACORDOS

1. Por elo o Pleno desta Deputación Provincial, insta á Xunta de Galiza a:

Aprobar un decreto de xeito urxente no que se contemplan de forma inmediata axudas para os sectores afectados polas restriccións sanitarias acordadas pola administración autonómica, así como á creación dun procedemento urxente, áxil e sinxelo para facilitar o acceso inmediato aos sectores afectados a estas axudas a través dun portelo único, con todas as garantías de transparencia e equidade.

2. Pola súa banda a Deputación de Ourense, comprométese a:

Participar economicamente na liña de axudas aos sectores afectados na mesma porcentaxe sobre o orzamento provincial que a porcentaxe que aplique a Xunta a este fondo sobre o seu orzamento, nas condicións que se acorden nunha mesa institucional en canto a contías globais, destino e xestión desas axudas.

Ourense, a 22 de Xaneiro de 2021

Bernardo Varela López
Voceiro do Grupo Provincial do BNG

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE